

**Alberte MOMÁN**


a marca dun sorriso imberbe  
nos xenitais  
a constancia dun adeus  
sobre as costas  
exsangües

medimos a dor con palabras  
pronunciadas  
ou silenciadas  
en pensamentos nos que damos  
en cismar  
porque dicimos que chove  
e vai frío  
pero tamén somos nós mesmos  
cando escampa  
sen caer na conta

**inscribome** na introspección dun pasado  
de pernas abertas

súo un clamor feminino  
de montaña  
un aroma que esvara  
polo brazo de todas as terras  
que afirman ser este humor líquido

recupérome amodo  
deste soño verde briófito  
con paso firme  
sobre a nudez que racha fronteiras



*Alberte Momán*

*Poesía*

o inverno acode sen palabras  
apoderándose das formas

o inverno fala todos os idiomas  
cun frío que desmembra os corpos  
entre paxaros e sentimentos  
cristalizando nos ollares  
humores líquidos que nos describen  
nunha eterna despedida

o inverno fala co silencio  
coa dor  
que queima as superficies  
o inverno somos ambos  
que buscamos o roce  
para conxelarnos coas extremidades

